

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 04 Xuño 2013 12:15



Doce colectivos veciñais máis os partidos do PSOE e BNG, pertencentes todos ao Consello Sectorial do PXOM de Nigrán, trasladaron nun comunicado a súa opinión respecto ó procedemento de tramitación do PXOM de Nigrán para a súa aprobación inicial.

Os colectivos veciñais aínda non dispoñen da documentación do PXOM para poder analizar os cambios nas parroquias e aportar as súas opinións. Documento que aínda non foi entregado dende o concello de Nigrán. Desminten a idea de que exista transparencia na elaboración do documento urbanístico.

O alcalde non contempla a convocatoria do Consello sectorial até despois da aprobación do documento.

Os colectivos do consello sectorial: A A.VV. "A Camoesa" de Camos, a A.VV. "Monteferro" de Panxón, a A.VV. "O Castro" de Chandebrito, a A.VV. "Dunas" de Nigrán, a A.VV. "A Irmandade" de Priegue, a A.VV. "Chandebrito 1807", a Comunidade de Montes en Man Común de Chandebrito, a Sociedade Deportiva "Bolos do Ceán" de Nigrán, o Instituto de Estudos Miñoranos, a Plataforma Cidadá do Val Miñor "Nunca Máis", a Asoc. de Defensa do Medio Ambiente "Salvemos Monteferro", Cofraría de Pescadores "A Anunciada" o PSOE de Nigrán e o BNG de Nigrán. emitiron onte un comunicado onde puxeron de manifesto o rexeitamento do procedemento do actual grupo de goberno de cara ao Consello Sectorial.

Manifestan un claro contraste da visión e importancia que tivo o goberno municipal de cara aos membros do consello cando durante o período de oposición do PP de Nigrán na anterior

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 04 Xuño 2013 12:15

lexislatura " *estando na oposición, o alcalde e o grupo popular reiteraba publicamente e daba esta ferramenta para poder xerar un proxecto de Plan Xeral que respondese aos intereses xerais da cidadanía e agora, instalados no goberno, nos infrutiliza, deostando, mentindo, menosprezando e acusándonos de partidistas e de estar ao servizo dos intereses de siglas políticas e non da sensibilidade xeral dos veciños que nos puxeron á fronte das entidades que representamos.* "

Os colectivos sinalan que pese a solicitar por escrito en numerosas ocasións a convocatoria do consello sectorial, o goberno municipal non foi quen de convocalos neste dous anos de mandato dos populares, polo que non entenden as " *promesas de elaborar con transparencia un proxecto urbanístico do calado do PXOM* " cando non teñen acceso á información nin á participación do organo consultivo.

Apuntan que o traballo e acordos adoptados pola maioría do Consello Sectorial e ratificados en sesión plenaria co voto favorable do actual goberno municipal, tampouco se viron refectivos " *na súa inmensa maioría* " dentro das distintas propostas que o grupo popular fixo sobre o proxecto do Plan Xeral para Nigrán.

Presentación polas parroquias do PXOM

Para os colectivos " *a guinda a esta forma despótica de levar a cabo a súa redacción do Plan Xeral* " foi a decisión unilateral do goberno popular de dar a "coñecer" o documento aos veciños " *en sesións meteóricas, por Parroquias,* " con só dúas horas de diferenza entre a convocatoria dunha e a seguinte reunión en Parroquias distintas deste extenso Municipio.

Neste senso rexeitan a decisión do alcalde de presentar o PXOM lonxe dos colectivos veciñais. " *os Locais Sociais que, ata a data, foran os lugares elixidos por este grupo de goberno para levar a cabo as reunións cos veciños por consideralos idóneos, agora van facer a presentación do Documento fóra deles e lonxe de onde habitualmente se reúne a veciñanza para tratar este e outros moitos temas de interese xeral.* "

A aprobación inicial do documento

As asociacións tampoco comparte a " *préssa* " por aprobar o proxecto urbanístico. "o alcalde

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 04 Xuño 2013 12:15

volve caer nos vellos erros que levaron ao seu antecesor do Partido Popular no cargo a ter que suspender a súa aprobación inicial e ser investigado pola fiscalía anticorrupción."

As peticións

O comunicado conclúe coa petición de información e a convocatoria do consello sectorial para por de novo en funcionamento o órgano consultivo e non "intente dilapidar" o traballo realizado. Piden tamén que asista ás parroquias informando de primeira man as diferentes correccións que se viñeron facendo ó documento e xustifique o por que de que a maioría das suxerencias realizadas polos colectivos veciñais non se viron reflectidas no proxecto *"en aras de evitar un máis que posible conflito entre cidadanía e goberno"* e na procura dun maior consenso que o actual con respecto dun documento que xera moitas reticencias dado que estivo "gardando baixo chave ocultándoo a quen non considera dignos da súa particular confianza."